

Manuel Pombo

"A poesía nace do que é cada un"

"Non me gusta baixar á terra para tratar de explicar a poesía. Non ten explicación. Se soubésemos interpretala sería unha cousa diferente"



Manuel Pombo Arias (Santa María da Pena, Sarria, 1943) vén de presentar en Santiago o seu décimo libro, *A miña terra é un vello falar*, un poemario no que recolle as súas lembranzas de cativo, a evolución da perspectiva relixiosa ou as súas inquedanzas vitais, entre outros temas. O doutor Pombo estudou Medicina na Universidade de Santiago e foi delegado de actividades culturais da Facultade en 1968, durante as mobilizacións estudantís contra o réxime franquista. É catedrático de Pediatría da USC e foi xefe do Servizo desta especialidade e da Unidade de Endocrinoloxía Pediátrica do Chus. A súa traxectoria profesional deixoulle pouco tempo para desenvolver a súa paixón pola literatura, que retomou hai dúas décadas.

Por Daniel Viña

De que trata *A miña terra é un vello falar*?

A poesía que recolle este libro é recente. Aborda, sobre todo, as miñas raíces. Nel se respira moito do que vivín cando era neno, unha etapa que nos marca a todos. Como toda poesía, expresa sentimentos, e os que lean a obra poderán albiscar boa parte do meu pensamento e da miña forma de ser.

Que experiencias aborda no libro?

A poesía, en gran medida, hai que interpretar. É difícil traducila a feitos concretos, pero, por exemplo, nel fálase daquel neno que, cando chegaba o verán, convertíase nun traballador máis dunha casa da aldea. Eu fun un neno que tivo callos nas mans, e quizais iso axudoume a comprender que, se non espelía, tería que volver aos terróns, como dicía meu pai. Nunca me gustou traballar no campo, así que busquei unha profesión que non tivera nada que ver.

No poemario fala moito de Sarria e de Santiago, dous lugares que o marcaron.

Si, en Sarria pasei días inesquecibles e conectei con persoas que seguen a ser moi importantes na miña vida. Despois fun estudar a Lugo, onde vivín case todo o tempo como alumno interno no colexio,

"EU FUN UN NENO QUE TIVO CALLOS NAS MANS. NUNCA ME GUSTOU TRABALLAR NO CAMPO, ASÍ QUE BUSQUEI UNHA PROFESIÓN QUE NON TIVERA NADA QUE VER"

polo que tiver menos contacto coa vida da cidade. Alí xurdiron algúns problemas, porque eu fun sempre galegofalante e, ao chegar, fun obxecto de burlas —afortunadamente, avanzamos moito neste sentido e hoxe falar galego xa non é motivo de discriminación—. Na actualidade chamaríamolo *bullying*, pero non me gusta esa palabra. Naqueles tempos, todos pasabamos por un período de adaptación que cada un levaba o mellor que podía. Eu dediqueime a ler moito e a escribir, e aí naceu a miña vocación. A dedicación á literatura tamén me creou problemas de cativo, porque non estaba ben vista. Con respecto a Santiago, son un namorado da cidade, na que levo a maior parte da miña vida. Representa o lugar onde casei, onde naceron os meus fillos e onde exercín a profesión.

Como se estrutura a obra?

Está dividida en varias seccións, e en cada unha trátanse cuestións diferentes. En

"A POESÍA, EN MOITAS OCASIÓNS, É UN ACTO DE REBELDÍA OU DE INCONFORMISMO NO QUE UN NIN SEQUERA ESTÁ CONTENTO CONSIGO MESMO"

Nunca houbo ceo abórdase, por exemplo, a evolución do pensamento relixioso ao longo da vida e a perspectiva da morte, mentres que *Leña para o lume* fala dos reveses que todos pasamos no noso periplo vital e como marcan a nosa forma de ser. Outro apartado, titulado *Fortaleza*, está dedicado a Sarria, e noutro, *Desacougo*, abordo as probas que nos pon a vida e que imos solucionando, pero que nos producen esa sensación de desasosiego. En todo caso, a min non me gusta baixar á terra para tratar de explicar a poesía. Non ten explicación. Nace do que é cada un. Ademais, neste libro saltei moitas normas.

En que sentido?

Nas miñas obras anteriores sempre era moi puntilloso na escritura. Neste caso non foi así, porque quero que cando alguén lea algún dos meus poemas teña liberdade para interpretalo á súa maneira. A poesía debe transmitir sentimentos, e cada un conectará con ela dunha forma diferente. Se soubésemos interpretala non sería poesía, senón unha cousa diferente.

E con respecto ás formas? Fuxe da rima e das métricas?

Hoxe rimar xa se considera anticuado. O que reclaman os tempos nos que vivimos é máis liberdade.

Que lle atrae da poesía?

Hai quen di que escribir poesía é máis propio de xente nova que de vellos, así que eu debo seguir sendo novo. A poesía, en moitas ocasións, é un acto de rebeldía ou de inconformismo no que un nin sequera está contento consigo mesmo. Quen, sendo mozo, non intentou escribir unha poesía? Eu sigo intentándoo. Nesta publicación resumo todo o que quería dicir nas miñas obras, e pecho un ciclo que comezou co meu primeiro libro de poesía: *Haikus de los escritores muertos*, prologado por Darío Villanueva, que tamén estivo na presentación de *A miña terra é un vello falar*.

Desde cando escribe? Como compaxinou a literatura coa medicina?

Deixei de escribir durante moitos anos, porque dediquei moito esforzo á medicina e ás oposicións para ser profesor titular e catedrático de universidade. Nese tempo, o máximo que cheguei a facer foi publicar en xornais, aínda que de forma esporádica. Comecei a dedicarme a escribir obras literarias arredor do ano 2000. Con este último libro xa levo dez, así que, de media, publico un case cada dous anos. Deixei escrito o meu pensamento, relatos, contos e poesía, pero nunca tiven tempo —nin sequera nos últimos anos—, para escribir unha novela, que require un gran esforzo e renunciar a moitas cousas.

Que escritores influíron máis na súa obra?

Lin moito ao longo da miña vida, e todos os libros deixan un pouso que inflúe en ti. Un dos escritores polos que sinto especial predilección é Emil Cioran, autor romanés que se trasladou a París e acabou escribindo en francés. Foi un dos que máis me marcou. Influiu nun dos meus primeiros libros, que titulei *Pomberías* —e noutro posterior, *Novas pomberías*—. Trátase de reflexións en forma de aforismos, literatura de fragmento. Tamén lin a todos os poetas galegos recoñecidos, como Álvaro Cunqueiro, Manuel María ou José Ángel Valente. Hai que pensar que eu nunca recibín unha educación en lingua galega, o meu galego é o da aldea. Porén, a escritura require do emprego normativo da lingua, e eu fun chegando a el a través da lectura doutros autores.

O poeta madrileño José Hierro —ao que se referiu en varias ocasións durante a presentación do libro— dicía que "a poesía se escribe cando ela quere". Onde o atopa a vostede a poesía? Como é o seu proceso creativo?

A inspiración vén cando vén. Ás veces comezas a escribir sobre algo case sen querer e, a partir de aí, vas embalado e non paras. No meu caso, case sempre é así. Eu sempre vivín ocupado ao 100%, e sigo estando

"DEIXEI ESCRITO O MEU PENSAMENTO, RELATOS, CONTOS E POESÍA, PERO NUNCA TIVEN TEMPO PARA ESCRIBIR UNHA NOVELA, QUE REQUIRE UN GRAN ESFORZO E RENUNCIAR A MOITAS COUSAS"

ocupado, aínda que pareza mentira pola miña idade. De feito, proximamente darei varias conferencias en Portugal, Brasil e Perú. Polo tanto, todas as miñas obras literarias foron escritas, fundamentalmente, durante as vacacións de verán. En lugar de ir á praia, quedo na habitación e pónome a escribir —ás veces, case da mañá á noite—. Divírteme moito.

"AS MIÑAS OBRAS FORON ESCRITAS, FUNDAMENTALMENTE, DURANTE AS VACACIÓNS DE VERÁN. DIVÍRTEME MOITO"

Inspirouse para algunha das súas obras na súa profesión como médico?

Un dos próximos libros nos que estou traballando, que se titulará *Contos de nós*, terá tres introducións. Nunha fálase sobre a paisaxe, que forma parte do noso ser como galegos; outra estará dedicada a Castela, e a terceira abordará a relación entre o médico e a literatura. Nela incluírase a longa relación de facultativos que tamén escribiron e que formaron parte das miñas lecturas. O médico, moitas veces, atópase coa necesidade de liberarse do que representa a nosa profesión, que supón un desafío constante de busca. Non sempre podemos chegar ao final, porque a medicina aínda está evolucionando, pero se a vives de verdade nunca deixas de buscar. No meu caso, por exemplo, na patoloxía de talla baixa hai unha enfermidade que foi descrita no meu servizo. Hai desafíos todos os días, e a literatura é unha vía para liberarse e expresarse. Polo tanto, aínda que non teño ningunha obra literaria expresamente dedicada á medicina, detrás de moitas delas desenvolvo a miña relación coa profesión. E, por suposto, escribín libros técnicos que tiveron relevancia, especialmente un tratado de endocrinoloxía pediátrica con moita transcendencia e difusión internacional, a través do que estudan a especialidade médicos de diferentes países.

Que foi o que o levou a ser médico?

Eu crieime na aldea entre libros de medicina, porque o meu bisavó fora un médico apreciado na zona. Chamábame moito a atención o que se explicaba neles. Aínda que non entendía moito, sempre lembrarei unha frase que atopei naquelas obras: "A función fai ao órgano", que aínda segue vixente. O feito de contar con aqueles libros na casa foi, probablemente, o que me impulsou a estudar Medicina.